

CURRICULUM:

MANUEL ÁNGEL JOVE LOSADA.

Funcionario público, Grupo A1, nivel 30 consolidado, con máis de 25 anos de experiencia profesional en administracións locais, tanto no nivel municipal como provincial. Especial dedicación nos últimos anos á contratación pública e a xestión de sistemas de fomento-subvencións, con coordinación de equipos e modernización da administración.

CARREIRA PROFESIONAL

-Xullo de 2019, Dirección de economía, facenda e réxime interior do
CONCELLO DA CORUÑA.

- Xuño 2013- Xullo 2019. DEPUTACIÓN DE LUGO.

Xefe de Servizo de Contratación e Fomento:

Como xefe de servizo de contratación e fomento, estes anos, fun o responsable de dirixir e coordinar un equipo de 15 persoas.

Este equipo xestionou a contratación da administración provincial e colaborou en actuacións de contratación de Concellos da provincia, cunha actuación media de 80 contratos por ano de todo tipo (administrativos de

obras, servizos, subministracións, concesións; privados da administración). En paralelo, reformouse e centralizouse a contratación menor, sendo esta unha actuación esencial para a transparencia e modernización da administración provincial. Desde este departamento, desenvolveuse a elaboración dos pregos de cláusulas administrativas e os seus informes, revisión de pregos técnicos, xestión de todas as mesas de contratación así como a licitación electrónica. Implementouse a aplicación de cláusulas sociais e ambientais na práctica totalidade dos contratos. Programouse a actividade contractual e impulsouse a súa racionalización técnica, con especial mención aos acordos marco e contratos derivados.

Adaptouse a contratación á LCSP/2017.

Na responsabilidade de fomento, redactouse o plan estratéxico de subvencións da Deputación (plurianual 2017-2019). Xestionáronse ao redor de 6 millóns de euros/ano en subvencións, tanto de concorrencia competitiva como non competitiva e de concesión directa, abarcando tanto a concesión como a súa xustificación.

No que atinxe ao Plan Único de cooperación cos Concellos, foi instruído, xestionado e liquidado desde o 20216/17 ata a actualidade, por un equipo humano coordinado desde o servizo de contratación e fomento, no que se encadran os plans provincias xeneralistas e que abrangue investimentos,

programas de benestar social, emprego, cultura, turismo e medio rural por importe superior a 20 millóns de euros por ano.

Xestión, redacción e seguimento da execución de convenios de cooperación interadministrativos, no marco do pulo a distintas accións colaborativas con outras administracións e institucións.

Tramitación de encargos a medios propios, regulados na lexislación contractual.

-Novembro 2015-xullo 2019, DEPUTACIÓN DE LUGO.

Asesor técnico da Presidencia.

Mediante nomeamento acumulativo ás anteriores funcións, fun asesor técnico da Presidencia, labor na que tiven que realizar, cooperativamente coa Dirección da Asesoría Xurídica, os FHN e a Xefatura de Gabinete, a coordinación de toda a actuación da administración pública provincial. Especial fincapé nos procesos e protocolos de xestión e revisión de firma dos actos e resolucións polos órganos competentes.

1993-2013. ADMINISTRACIÓNS MUNICIPAIS.

-2008-2013. Concello de Guitiriz: xefe dos servizos xurídicos-administrativos.

Defensa e representación en xuízo e asesoramento legal do Concello, con especialización en temas urbanísticos e tributarios.

Substitución de funcionarios de habilitación nacional.

-2001-2008: Concello de Vimianzo: xefe dos servizos xurídicos-administrativos.

Prestación de funcións de Secretaría do Concello (accidentalmente) con especial atención a xestión da contratación pública e o urbanismo; labores de representación procesual.

-1993-2001: Concello de Cervo: Letrado-asesor.

Funcións de secretaria ou de intervención municipal, con nomeamentos accidentales. Representación e defensa do Concello en todas as ordes xurisdicionais, salientando a intervención letrada no proceso de segregación Cervo-Burela.

RESUMEN FORMACIÓN.

1988.-Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

1993. Ingreso por oposición libre no Grupo A1 da función pública. Concello de Cervo.

2001. Curso de desenvolvemento Local. UDC .

2003-2004: Cursos de Doutoramento, DEA na Universidade da Coruña.

2005. Curso de directivos. 38ª edición. Xunta de Galicia-EGAP-.

2005. curso superior de planeamento e xestión Urbanística (EGAP).

2007. Curso superior de dereito público autonómico. 236 hrs.

2013. Título experto Universitario Contratación Sector Público. 500 horas.
UNED.

2017. Curso de estudios avanzados sobre contratación pública local. CEMCI.

2018: Novidades Lei contratos Sector Público. A Lei.

2018. Réxime Xurídico e procedemento das subvencións no ámbito local.
CEMCI

2019. Proposto para Curso Experto Compliance Público. 200 h. Thomson
Reuters. Pendente de realizar.

OUTROS

Docente e relator de Cursos e xornadas en distintos Organismos,
Administracións e Universidades.

Autor de artigos de contido xurídico administrativo.